



XUNTA DE GALICIA

**CONSELLERÍA DE EDUCACIÓN
E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA**

Dirección Xeral de Ordenación e Innovación
Educativa

Edf. Adm. San Caetano s/n, bloque 2, 2º andar
15781 – Santiago de Compostela
Tif.: 981546557 Fax: 981546542

MVNB/AAB/mfr

Co fin de orientar ao profesorado da etapa de educación secundaria obrigatoria en relación ao desenvolvemento do currículo establecido polo Decreto 133/2007, do 5 de xullo (DOG do 13 de xullo), no relativo ás materias de Música, Educación plástica e visual e Tecnoloxías, cómpre recordar:

1.- Que o anexo II do mencionado decreto establece o currículo das citadas materias determinando a contribución destas á adquisición das competencias básicas, os contidos, criterios de avaliación e obxectivos que o alumnado deberá acadar no último curso académico no que se imparten.

2.- Que as mencionadas materias se impartirán en dous cursos, como se determina no Anexo III do Decreto 133/2007, polo que os departamentos didácticos correspondentes deberán concretar o currículo nas respectivas programacións, tratando os mesmos bloques de contidos nos dous cursos nos que se imparten pero con diferente grao de profundización, predominando no principio os aspectos concretos e dando paso a razoamentos máis formais.

Igualmente deberán concretar os criterios de avaliación para o primeiro curso no que se imparta a materia, expresando de modo explícito os niveis imprescindibles para superala.

Aproveitamos para recordar que no ano académico 2007-2008, serán implantadas as ensinanzas correspondentes a 1º e 3º da educación secundaria obrigatoria reguladas pola Lei Orgánica de Educación.

As ensinanzas dos cursos 2º e 4º seguirán reguladas pola Lei Orgánica 1/1990, do 3 de outubro.

Santiago de Compostela, 21 de setembro de 2007

A SUBDIRECTORA XERAL DE ORDENACIÓN EDUCATIVA,



María Victoria Navaza Blanco

SR./A. DIRECTOR/A. DO CENTRO